



Eleccións autonómicas 21 de outubro de 2012

A hora das persoas

No ano 2011, segundo o índice europeo AROPE, había 12.599.861 persoas en risco de pobreza en España (11.666.827 no 2010, 10.665.615 no 2009, 1 MILLON MAIS CADA ANO). Unha estimación en base a este dato coloca a **648.975 galegos** nesta situación (600.918 no 2010, **50 MIL MAIS CADA ANO**)

É especialmente grave a situación de **111.305 persoas que sofren privación material severa**, o que sitúa a Galicia por encima da media nacional, cun 4,1% de poboación afectada.

A quinta parte dos menores galegos viven nun fogar pobre. **Uns 82.100 nenos e nenas menores de idade forman parte dunha familia que vive baixo o limiar da pobreza** o que implica **problemas asociados actuais e futuros**: desnutrición, fracaso escolar, eliminación de facto do dereito a igualdade de oportunidades....

Estímase que ao redor de **20.000 persoas en Galicia quedaron fora do sistema público de saúde** a partir do 1 de setembro o que, como mínimo, supón a perda do **dereito á saúde** que temos todas as persoas, sen discriminación de ningún tipo.

A gravidade da situación fai que sexa insostible economicamente, inxusta democraticamente e inmoral socialmente unha sociedade na que se agravan as desigualdades e na que moitas persoas non contan cos recursos imprescindibles para vivir con dignidade.

EAPN-Galicia fai un chamamento ao conxunto de forzas políticas ante as próximas eleccións autonómicas, para que sitúen como **prioridade absoluta** o mantemento e incremento dos niveis de **protección social** e a **redución dos niveis de exclusión social** das persoas máis vulnerables.



Non compartimos o argumento da falta de recursos. Aumentar a recadación tributaria mediante a loita contra a fraude fiscal e a economía somerxida é imprescindible.

As entidades sociais que formamos parte da Rede Galega contra a Pobreza, EAPN-Galicia, estamos a facer importantes esforzos para optimizar os nosos servizos, xerar sinerxías e atender a un número crecente de persoas con graves necesidades.

Esiximos un **compromiso firme coa non redución das partidas destinadas aos Servizos Sociais Básicos para os colectivos en risco de exclusión social e coa efectiva blindaxe do orzamento destinado aos servizos sociais.**

EAPN-Galicia presenta as seguintes propostas e medidas.

1. GARANTÍA REAL E EFECTIVA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS E DOS DEREITOS SOCIAIS, en especial, das persoas en situación ou en risco de exclusión social, tanto no ámbito normativo como orzamentario.

- ✓ Implementación de **políticas de longo prazo e investimentos sostidos no tempo**, que garantan os dereitos fundamentais e os dereitos sociais das xeracións presentes e futuras.
- ✓ Garantía da **igualdade de trato** e non discriminación de tódalas persoas, indistintamente da súa orixe, relixión, sexo, etnia,....
- ✓ Garantía da **cobertura sanitaria universal e gratuíta** para toda a poboación, sen exclusión algunha.

2. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES MEDIANTE UN MODELO SOCIAL MÁIS XUSTO E EQUITATIVO

- ✓ Unha política social centrada nas **persoas con menos recursos** e menos oportunidades



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

- ✓ **Apoio ás familias** con escasos recursos: con ou sen fillos, sen emprego estable, familias numerosas ou monoparentais, ás formadas por persoas maiores que, coas súas pensións, asumen o mantemento de fillos e netos
- ✓ **Apoio á infancia** para evitar a reprodución xeracional da pobreza e a exclusión social.
- ✓ **Medidas específicas para o ámbito rural** encamiñadas a frear o despoboamento e con éxito recoñecido en moitos lugares de Europa. Este fenómeno provoca desaxustes estruturais que repercuten nos residentes que, na maioría dos casos, son persoas maiores e sen recursos.

3. UN PACTO AUTONÓMICO POLA INCLUSIÓN SOCIAL que implique ás distintas Administracións Públicas, partidos políticos e ao Terceiro Sector

- ✓ Recoñecemento e defensa do **Terceiro Sector de Acción social** como axente clave de articulación das políticas sociais.
- ✓ Aprobación da **Lei de Inclusión Social** como marco de referencia das políticas de inclusión social e como aposta decidida polas persoas.
- ✓ **Coordinación** das medidas e servizos de emprego, educación, sanidade e servizos sociais.
- ✓ Posta en marcha dun plan autonómico integral para **persoas sen fogar**.
- ✓ Plan de **racionalización drástica da burocracia** en toda a Xunta de Galicia, adicando recursos a servizos sociais. Isto afecta a prazos, requisitos e documentación.
- ✓ Plan de **racionalización das administracións públicas** galegas e harmonización coa estatal: harmonización de competencias, desaparición de institucións e organismos innecesarios ou redundantes, fusión concellos, garantía da unidade de mercado, etc...
- ✓ Valoramos positivamente a creación da **Consellería de Traballo e Benestar**, e apostamos por manter as competencias nun único departamento. Precísase avanzar neste eido favorecendo a colaboración interna, a unidade de criterio e a redución drástica da burocracia.
- ✓ Discernir claramente políticas de dependencia das de discapacidade:



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

- Implantar medidas de apoio as persoas con discapacidade. Aposta decidida por financiamento de medidas de **promoción da autonomía persoal que usen recursos comunitarios** optimizando deste xeito e drasticamente recursos públicos (este tipo de medidas permite un aforro notable sobre outras medidas baseadas no internamento).
- Cumprir e facer cumprir a **normativa de Dependencia**, en especial en materia de prazos, simplificando borrador da Carteira Servizos Dependencia, adaptando perfís e servizos á realidade e vinculando os servizos á dependencia e á promoción da autonomía persoal coa creación de emprego.

4. POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO: REDUCCIÓN DO DESEMPREGO E APOIO ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS

- ✓ **Plan Integral de Emprego para mozos e mozas** centrado na calidade da formación vocacional e da educación e cunha nova política de primeira oportunidade laboral:
 - Cumprimento das recomendacións do Consello de Europa en materia de Políticas Activas de Emprego, Servizos Públicos de Emprego e Emprego Xuvenil.
 - Que priorice o apoio aos mozos de familias con menos recursos como medida que evite a reprodución xeracional da pobreza.
 - Que fomente o emprendemento tutelado.
 - Que apoie a mozos emprendedores con salario base social e un tempo de exención de impostos.
 - Reducir a fiscalidade dos salarios máis baixos.
 - Con impulso aos programas de formación e emprego: Escolas Taller e Obradoiros de Emprego que favorezan o éxito da inserción laboral.



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

- ✓ Compromiso no mantemento do financiamento dos programas das organizacións do Terceiro Sector dirixidos á **inserción na empresa ordinaria** e á integración social das persoas e colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- ✓ Facilitar e fortalecer as iniciativas de colaboración entre entidades non lucrativas para favorecer e diversificar **a oferta formativa para o emprego entre distintos colectivos** de persoas en risco de exclusión social.
- ✓ Incentivar ás **empresas de economía social**, de xeito especial ás empresas de inserción laboral e aos centros especiais de emprego.
- ✓ Intervención con **persoas recentemente desempregadas** para a súa rápida reincorporación ao mercado laboral.
- ✓ Apoio decidido e estable a políticas de **Emprego con Apoio en empresa ordinaria** para persoas con discapacidade intelectual.
- ✓ Establecemento de **cláusulas sociais** nas empresas que traballan para as diferentes administracións, para favorecer o acceso ao emprego das persoas con máis dificultades.
- ✓ Esixencia ás empresas do cumprimento das **porcentaxes de inclusión**.
- ✓ Promoción do establecemento, por lei, de **reservas de mercado** nas administracións públicas para empresas de inserción e centros especiais de emprego.
- ✓ Negociación coas organizacións sociais para a implantación de novas ferramentas que garantan a **mellora na prestación estable** e optimización de recursos públicos, así como a calidade no emprego nas entidades.

5. MELLORAR O RENDEMENTO ESCOLAR E ASEGURAR A ESCOLARIZACIÓN EFECTIVA

- ✓ Aplicación de medidas correctoras do **fracaso escolar** e de medidas preventivas do abandono escolar, especialmente para nenos e nenas con maiores problemas de pobreza e exclusión social.



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

- ✓ Aplicar políticas de **igualdade de oportunidades** na educación para os colectivos máis vulnerables e con menos recursos económicos: becas, comedores escolares, programas de cualificación...

6. GARANTIR UNHA VIVENDA DIGNA PARA TODAS AS PERSOAS

- ✓ Consideración da vivenda como un **ben básico**. A vivenda digna é un dereito de todas as persoas.
- ✓ Fomento do **aluguer** e promoción dun parque público de vivendas de aluguer.
- ✓ Posta en marcha de **aluguer social**, con participación dos servizos de benestar social na asignación dos mesmos.
- ✓ Cambios na lei hipotecaria para **evitar desafiuzamentos** (na medida en que as competencias autonómicas o permitan).
- ✓ Establecemento de **vivendas sociais de aluguer** para persoas que sufran desafiuzamento.
- ✓ Establecemento de medidas que fomenten a **dación en pago** no caso de desaloxo para os colectivos en risco de exclusión social.
- ✓ Programas específicos de **realoxamento e loita contra a infravivenda** e que garantan o aloxamento para as persoas sen fogar.

7. REFORZAR E MELLORAR OS SERVIZOS SOCIAIS.

- ✓ Os Servizos Sociais son servizos **básicos para toda a cidadanía**. Precísase combinar as políticas xerais dirixidas a toda a poboación co deseño e implementación doutras específicas dirixidas a colectivos minoritarios.
- ✓ Elaboración e garantía de aplicación da **carteira de servizos sociais básicos** para toda persoa en risco de exclusión.
- ✓ Aposta por unha xestión dos **Servizos Sociais transversal e inclusiva** coa mellora dos sistemas de xestión e recollida de información que faciliten a cobertura universal.



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

- ✓ Reforzo do traballo por **itinerarios persoais**.
- ✓ Mellorar **da coordinación entre as distintas administracións** que prestan servizos sociais e cos sistemas sanitario, educativo e de emprego.

8. OPTIMIZAR A REDE DE PRESTACIÓNS E RENDAS MÍNIMAS

- ✓ Garantir o dereito subxectivo a un **ingreso mínimo de 600 euros** para todas as persoas con fillos e fillas menores de idade ou con discapacidade ou con ingresos baixo o limiar da pobreza. Unha renda básica como **motivadora cara ao emprego** e non dende o punto de vista asistencialista.
- ✓ Ter en conta ás **persoas maiores** con pensións non contributivas garantindo que ningunha estea por debaixo do limiar da pobreza.

9. LOITA DECIDIDA CONTRA A FRAUDE FISCAL E MELLORA DA TRANSPARENCIA

- ✓ **Plan galego de loita e denuncia** da fraude fiscal e a economía mergullada. Reforzo do labor da Axencia Tributaria.
- ✓ Establecemento da **dedución por donativos** a entidades sociais na cota autonómica do IRPF.
- ✓ **Lei galega de transparencia** da administración pública galega que supere as eivas do proxecto de lei estatal.
- ✓ **Publicación en tempo real** de fácil acceso e consulta do detalle de cumprimento dos orzamentos da comunidade autónoma.

10. IMPLANTAR UN PLAN DE APOIO AO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

- ✓ **DIALOGO CIVIL**. Recoñecer ás entidades de acción social a interlocución social e política nos niveis estratéxico (políticas, plans, negociacións sociais) e operativo (normas galegas de inclusión



EAPN-GALICIA. REDE GALEGA CONTRA A POBREZA-

social, dependencia, deducións por donativos a entidades non lucrativas no tramo autonómico do IRPF.

- ✓ Garantir de xeito real e efectivo a **non discriminación do Terceiro Sector** con respecto ao sector lucrativo en convocatorias de todas as Consellerías. Constitución dunha mesa de estudo.
- ✓ Incorporación de **cláusulas sociais e mercados protexidos** na contratación pública de servizos.
- ✓ Revisión dos marcos de **financiamento e fiscalidade** que permitan dotar de recursos e medios estables ás entidades de apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade e exclusión e a prestación de servizos sostibles. Financiamento básico que garanta a optimización de recursos.
- ✓ Posibilitar a **creación de UTES** entre organizacións non lucrativas.
- ✓ Compromiso de **defensa do FONDO SOCIAL EUROPEO** durante o período 2014-2020 para Galicia e para obxectivos e prioridades orientadas á inclusión social por riba do 20%.

A Rede Galega contra a Pobreza, EAPN (European Anti Poverty Network) está formada por quince entidades con ampla traxectoria de traballo na loita contra a pobreza e a exclusión: ACCEM Galicia, Asociación Plataforma polo Emprego, Cáritas, Cruz Vermella, Emaús Fundación Social, Fundación Érguete Integración, Fundación Juan Soñador, Fundación Meniños, Fundación Ronsel, Fundación Secretariado Xitano, Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES 3) e catro entidades que tamén forman parte do CERMI - Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Federación Autismo Galicia, Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES GALICIA) e Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA).